



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE  
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 691 Fax: 981 957 690  
igualdade@xunta.gal  
<http://igualdade.xunta.gal/>

galicia

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES E MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO, E COMPLEMENTARIAMENTE A OUTRAS PERSOAS DO SEU ENTORNO FAMILIAR QUE VIVAN OU PADEZAN SITUACIÓNS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, E ATENCIÓN PSICOLÓGICA A HOMES CON PROBLEMAS DE CONTROL DE VIOLENCIA NO ÁMBITO FAMILIAR.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle, entre outras funcións, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

A medida 67 do Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero recolle a necesidade de establecer propostas sobre a necesidade dun reforzamento psicolóxico para coas vítimas, con fin de atallar factores que puideran incidir na súa falta de autoestima e na súa capacidade para rachar a dependencia co maltratador. . Pola súa banda a medida 83 do Informe da Ponencia do Senado de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero recolle a necesidade de visibilizar ás vítimas indirectas de violencia contra as mulleres: familiares, amigas e amigos e entorno máis íntimo da muller que tamén sofren a violencia machista, e traballar coas CC. AA. na posibilidade de ofrecerlles acceso a recursos: asesoramento e atención psicolóxica.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten, entre os seus fins, o de fomentar a promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade; así como exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola administración pública colaborando con ela para o cumprimento dos seus fins.

Esta entidade desenvolve un programa de atención psicolóxica especializada coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e un programa de atención psicolóxica especializada coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a homes que recoñezan ter problemas de control de violencia no ámbito familiar.

A Consellería de Emprego e Igualdade, que a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o financiamento de ambos programas cuxo interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e aos homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar unha atención personalizada e especializada a través de profesionais con formación específica que, de xeito gratuíto para as persoas usuarias destes programas, realizarán un diagnóstico da situación e a terapia máis axeitada a cada caso.

O convenio financiará os gastos realizados entre o 16 de novembro de 2020 e o 15 de novembro de 2021.



**Xacobeo 2021**





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE  
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 691 Fax: 981 957 690  
igualdade@xunta.gal  
<http://igualdade.xunta.gal/>



Para sufragar os gastos derivados deste convenio, a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, aboará ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a cantidade total de 337.039 € (trescentos trinta e sete mil trinta e nove euros) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 imputados ás seguintes aplicacións orzamentarias e códigos de proxecto:

- 237.039 € (douscentos trinta e sete mil trinta e nove euros) con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.313D.481.0 (código de proxecto 2015 00145)

- 100.00€ (cen mil euros) con cargo á aplicación 11.02.313D.481.2 (código de proxecto 2018 000112), enmarcada nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á CCAA de Galicia

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectúase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, e aos homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar unha atención personalizada e especializada a través de profesionais con formación específica que, de xeito gratuíto para as persoas usuarias destes programas, realizarán un diagnóstico da situación e a terapia máis axeitada a cada caso.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

A colaboración da Xunta de Galicia co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o desenvolvemento do Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, programa denominado "Abramos o Círculo" iniciouse no ano 2001 e para o desenvolvemento do Programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sufran violencia de xénero e para outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero iniciouse no ano 2004.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella



**Xacobeo 2021**

